

Tarefas en 6ºB. Semana 25-29 maio

ATENCIÓN: ESTA FICHA É PARA ENTREGAR.

Colexioflavia1@gmail.com.

- Deben estar feitas no cuaderno.
- Destacando os enunciados e deixando espazos.
- Escribir con letra ben clara.
- Importante! Non olvidar de poñer o nome e apelidos e tamén o nº de lista na parte superior dereita.

Tarefa 1

Das substancias anteriores, cales transportan o sangue ás outras células e cales recollen destas?

Nutrientes → transportan a outras células

Osíxeno → transportan a outras células

Dióxido de carbono → recollen doutras células

Residuos tóxicos → recollen doutras células

Tarefa 2

Contesta:

De onde proceden o osíxeno e o dióxido de carbono?

O osíxeno procede do intercambio de gases nos pulmóns.

Dióxido de carbono, prodúcese nun proceso que se realiza no interior das células para obter a enerxía dos nutrientes.

Descubre que residuos tóxicos recolle o sangue e onde os transporta.

O sangue recolle das células as substancias de refugallo e o dióxido de carbono. As substancias de refugallo son transportadas ao sistema excretor e o dióxido de carbono aos pulmóns.

Tarefa 3

Elabora unha táboa sobre os compoñentes do sangue. Na primeira columna, escribe os seus nomes; na segunda, as súas características, e na terceira, a función que realizan.

Nome	características	funcións
Eritrocitos ou glóbulos vermellos	Forma de disco e a súa cor é avermellada.	Transportan o osíxeno desde os pulmóns a cada unha das células do corpo, e o dióxido de carbono desde cada célula ata os pulmóns.
Plasma sanguíneo	Líquido amarelo translúcido formado principalmente por auga	Nel encóntranse disoltos os nutrientes procedentes do tubo dixestivo, que son transportados a todas as células.
Leucocitos	Non teñen cor, son transparentes	Deféndennos dos microorganismos fabricando substancias químicas que os destrúen
Plaquetas	Son moi pequenas,	Actúan cando se produce unha hemorraxia. Fabrican unhas substancias que espesan o plasma. Estas substancias forman un tapón que detén a hemorraxia.

Tarefa 4

Completa as seguintes definicións coas palabras adecuadas:

Os vasos sanguíneos son os condutos polos que circula o **sangue**.


As arterias son os vasos sanguíneos polos que o sangue se dirixe desde o **corazón** cara os capilares.

Os capilares son tubos moi delgados, cunha parede moi **fina** , que forman redes mediante as cales o **sangue** chega a todas as **células** do corpo.

As veas son os **vasos** sanguíneos polos que o sangue se dirixe dende os **capilares** ata o corazón.

Tarefa 5

Fíxate no debuxo dos intercambios que se producen nun capilar:



Que substancias pasan dos capilares ás células? Cales o fan en sentido inverso?

-As substancias que pasan dos capilares as células son o osíxeno e os nutrientes.

-O dióxido de carbono e as substancias de refugallo pasan das células aos capilares.

En que parte do corpo recolleron os capilares o osíxeno? E en que parte recolleron os nutrientes?

O osíxeno recólleo nos alvéolos dos pulmóns, e os nutrientes son recollidos no intestino delgado

Tarefa 6

Debuxa o esquema do corazón e escribe as súas partes Px. 51

Tarefa persoal

Si tes interés xoga e aprende entrando na seguinte ligazón:

<https://cienciasnaturales.didactalia.net/categoria/cuerpo-humano/92f17266-7456-4661-a638-2b023ea6722c?skos:ConceptID=gloss:9A08EB18-8F77-4AA9-ADBE-C44C75F7F250>